

Se tivera que falar da música seguramente collería o contrabaixo e poñeríame a tocar as miñas obras favoritas. Como agora o que teño é unha pantalla en branco e un montón de sentimentos gardados no fondo do corazón, supoño que tratarei de explicar con palabras unhas sensacións tan fortes que solo son capaces de transmitirse por vibracións. Sinto a música como un momento de pausa, como unha parada no frenético e vertixinoso ritmo da miña cabeza. É un sorriso, a música é todo aquilo que fai que queira seguir, a música como un rebumbio impetuoso. Un toque de verdade, un punto de inflexión. É apoio e disciplina, é amor, é compañía. Forma parte dun sentimento maior. Constitúe un apéndice da miña vida. Unha parte viva que está presente como lugar de descanso. É a desconexión dun mundo frenético. A separación dun tempo que pasa a unha velocidade que non coñecía. É o latido do meu corazón expresado nas notas que saen de entre os meus dedos. Sinto a mirada cómplice, a respiración conxunta, o último atisbo de eternidade cravado entre o milimétrico espazo que separa as cordas do mástil, o espazo que separa a alma do corazón, o espazo que me separa a min da ledicia de poder mostrar o que sinto. Cando o medo desaparece pouco a pouco, a ansiedade vai esvarando polas liñas do pentagrama. A miña respiración segue o compás infindo das melodías. Sinto a calma que percorre as miñas veas. Os silencios como palabras non ditas que só escoitan as almas cheas de eterna sensibilidade. Vivo a música como un punto de retorno. Como o faro guía nunha vida difusa. A música como impulso. Como lugar de acubillo. Os sons forman o calor do fogar. Cando busco o compás, a armonía, atopo o anaco intrínseco que faltaba do meu corazón. Cando cerro os ollos e agudizo o oído, son capaz de atoparme. Cando busco as razón para non tornar tola, a música é a primeira na lista.